A normalización lingüística na Romania: A normalización da lingua e normalización dos falantes (o caso dos neofalantes)

Xavier Frias-Conde
CES D. Bosco (UCM) / Romania Minor
<xfrias@romaniaminor.net>

Resumo

Neste estudo analizamos dous procesos diferentes mais que decorren xuntos: a estandardización das linguas minoritarias e mais a importancia dos neofalantes na súa normalización. Na primeira parte estudamos como se está a desenvolver o proceso de estandardización nalgunhas linguas románicas menores, concretamente no concernente a certos espazos lingüísticos ben concretos como o galego eonaviego, o aragonés e o sardo. Na segunda parte achegámonos á figura do neofalante e analizamos a súa importancia no proceso, así como as diferenzas entre neofalantes e paleofalantes no contexto das linguas minoritarias románicas.

Palabras chave: Estandarización, linguas minoritarias, neofalantes, paleofalantes, galego eonaviego, aragonés, sardo, linguas románicas.

1 Xustificación

As linguas románicas menores[1] tentan seguir o camiño das maiores canto á construción dun estándar que lles permita unirse ao mundo das linguas de cultura. É ben claro que toda lingua precisa dunha lingua padrón, porque a fragmentación dialectal non permite en calquera caso a existencia de escolarización, de produción literaria a grande escala, a presenza internacional da lingua, a súa aprendizaxe dentro e fóra do país, etc. Semella que é unha zuna recente a de construír un padrón escrito, mais na verdade trátase dunha necesidade, porque na sociedade hodierna todo ten un valor económico, do cal non se libra nin a

[1]Utilizarei esta denominación para nomear todas as linguas que se achan nunha situación de minoría, minorización, etc., facendo unha diferenza entre linguas maiores e linguas menores. A grandes trazos, as linguas maiores románicas son as estatais: francés, español, portugués, italiano e romeno.

Ianua. Revista Philologica Romanica
Vol. 6 (2006): 49–68
ISSN 1616-413X
http://www.romaniaminor.net/ianua/

© Romania Minor

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

lingua. Por iso, non podemos permitir que as lingua menores fiquen fóra de xogo por mor do diñeiro, pois este argumento tan materialista está a permitir, xunto con outros factores, a desaparición das linguas menores a unha velocidade de vertixe.

Ao mesmo tempo, cómpre ver como non só o proceso de normalización da lingua afecta a propia lingua, senón tamén os seus utentes. Ao longo destes últimos anos, tense visto que o proceso normalizador afectou tamén a todas aquelas persoas que sendo educadas na lingua estatal quixeron nalgún momento da súa vida tornar para a lingua menor, ben decote a lingua familiar que aínda se conserva nunha ou dúas xeracións anteriores.

Ao longo desta comunicación, tratarei de analizar como se está a desenvolver este proceso de estandardización nalgunhas linguas románicas menores, concretamente no concernente a certos espazos lingüísticos ben concretos como o galego eonaviego, o aragonés e o sardo. Son situacións que non teñen relación entre si, mais a confrontación resulta, precisamente, ben interesante. Tamén tentarei xustificar a existencia de normas non moi ríxidas no tocante á estandardización destas linguas por mor da súa situación de precariedade nos máis dos casos. Non insistirei na necesidade da existencia dun padrón para toda lingua, porque iso é desnecesario, mais de todos os xeitos convén fixarse en puntos específicos da estandardización noutras linguas románicas tamén maiores, co gallo de ilustrar mellor o que pretendemos presentar.

2 Modelos de estandardización

Desde que o catalán establecera o seu estándar actual en 1919 até a adopción do estándar mirandés en 1998, mesmo o discutido sardo LSU de 2001, refeito na LSC en 2005, hai todo un camiño de estandardización nas linguas románicas menores, nos máis dos casos realizado ao longo do século XX, con procesos decote ben diferentes entre si. No hai —e isto cómpre afirmalo enfaticamente— receita algunha nin modelo único. A elaboración dos padróns lingüísticos tense feito desde situacións moi variegadas. En todo caso, tentaremos sintetizar as principais tendencias seguidas na creación de estándares modernos no conxunto da Romania Minor. Ao mesmo tempo, poderase comprobar como en moitos casos o estándar existente é un bocado difuso, porque existen padróns, subpradróns e normas a cohabitaren dentro dunha mesma lingua.

No primeiro lugar, gustariamos de mostrar un cadro xeral coa situación dalgunhas das linguas románicas menores no tocante á súa estandardización. Por voltas, os estándares non teñen valor oficial, como se comprobará a seguir.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

Cadro 1

Lingua	**Estándar recoñec.**	**Co-oficialidade**	**Institución titular**	**Subestándares**	**Coiné**	**Notas**
Aragonés	(1974) si	–				
Asturiano	(1981) si	–	Academia de la Llingua Asturiana	Asturiano occidental		
Boloñés	(1999) non	–				
Catalán	(1919) si	+	Institut d'Estudis Catalans	catalán (propiamente), valenciano e balear		subnormas para Aragón e L'Alguer (Sardeña)
Friulano	(1992) si	+	Osservatori de la Lenghe Furlane			
Galó						
Galego	(1982) si	+*	Instituto da Lingua Galega	Galego de Asturias (eonaviego) → non oficial		existencia dunha norma non oficial chamada reintegracionista
Lígur	non	–			si (varios)	
Lombardo	non	–		En Suíza	si (varios)	
Mirandés	(1998) si	+	Comissão da Língua Mirandesa			
Napolitano	non					
Normando						
Occitano	(1993) si	+	Conselh de la Lenga Occitana	Aranés (1999) si		O aranés é oficial no Vale de Aran
Picardo						
Pictavino						
Piemontés	(1930) si	–				
Sardo	(1999) non	–			coinés literarias históricas: logudorés e campidanés	A LSC ten valor administrativo (2005)
Siciliano	non					
Veneciano	(1995) non	–			si (varios)	só normas ortográficas

* Só en Galiza; recoñecemento parcial en Asturias, mais como lingua diferente.

Ianua 6 (2006)
ISSN 1616-413X

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

Podemos estabelecer cinco tipos de procesos para explicar cales son as tradicións na Romania no tocante ás linguas menores:

1. Admisión de dous estándares: é o menos frecuente. É o caso do asturiano e o mirandés, mais é tamén doadamente explicábel se atendemos para o facto de os mirandeses sosteren que falan unha lingua independente do asturiano.

2. Escolla do dialecto con máis prestixio social: é o caso do asturiano central.

3. Escolla do dialecto con máis prestixio literario: teoricamente este foi o criterio elixido coa proposta da Lingua Sarda Unificada (1999).

4. Escolla dunha variedade central: é o caso do languedociano respecto a outros dialectos occitanos.

5. Creación dun estándar supradialectal de compromiso: é o caso do galego oficial.

Ora ben, estes criterios non son sempre seguidos literalmente e ás veces poden atoparse combinacións de dous ou máis destes criterios na elaboración do padrón.

2.1 A cuestión do estándar e as variedades

As grandes linguas románicas tiveron un proceso de estandardización moi longo, que a miúdo durou séculos. Amais, estes procesos non son nunca situacións fechadas, porque a evolución natural das linguas obriga á revisión de conceptos normativos, como ocorreu sempre coas linguas maiores románicas.

O modelo das linguas maiores foi copiado polas menores, como era de esperar. Mais a fórmula non adoitou funcionar, porque as situacións das unhas e das outras son radicalmente diferentes desde diversos puntos de vista, que poden ser resumidos así:

- as linguas menores non poden facer en poucos anos o que as linguas maiores fixeron en séculos;

- as linguas menores non teñen toda a forza dos *media* e das escolas para realizar unha tarefa de concienciación normativa como teñen as linguas maiores;[2]

- as linguas menores están moito máis fragmentadas que as linguas maiores, de xeito que os dialectos teñen un peso inmenso que, ás veces, non é tido en conta e que, ben a miúdo, é a orixe de conflitos posteriores.

[2]E mesmo aquí, cómpre percibir que hai linguas que teñen unha situación mellor ca outras. O galego, o catalán e o basco teñen unha escolarización e recoñecemento de escolaridade de cooficialidade, mais non acontece así co asturiano ou co aragonés.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

Daquela, o emprego de fórmulas normais para as linguas maiores non adoita funcionar coas linguas menores. Convirían, xa que logo, procurar solucións propias para as linguas menores, o cal aconteceu, con efecto, coa maioría delas, mais non con todas.

Que hai que facer por tanto? Xa na primeira parte desta exposición analizamos as diferentes tendencias da estandardización. Cada lingua ten que procurar a súa propia. Así que así, o dilema que nos queda sobre a mesa é se sería posíbel aceptar a existencia de variedades dentro dun padrón. Poderíase pensar que as linguas románicas son bloques homoxéneos, compactos, pero na realidade non acontece así, porque se atopan variedades dentro de todas elas que non creban a unidade do idioma. Se cadra, o caso máis coñecido sexa o do portugués, que presenta ben ás claras unha norma brasileira diferente da europea, onde algúns elementos chegan mesmo ao campo morfolóxico e sintáctico. As principais diferenzas pódense ver no seguinte gráfico:

Cadro 2

Portugués europeo	**Portugués brasileiro**
comboio	trem
camioneta, autocarro	ônibus
disqueta	disquete
presidente da câmara municipal	prefeito
casa do banho	banheiro
saco	bolsa
fractura	fratura
eléctrico	elétrico
efectivo	efetivo
óptica	ótica
excepto	exceto
dezassete	desessete
dezanove	dezenove
húmido	úmido
humidade	umidade
fala-se português	se fala português
eu vejo-te	eu vejo você
ele vê-me	ele me vê
estou a falar	estou falando
tu	você
você	você
o senhor / a senhora	o senhor / a senhora

Sen chegar a un extremo tan evidente como o anterior, as diferenzas son tamén perceptíbeis no español entre a súa forma americana e mais a europea, mais tamén en francés (francés, belga e suíza dunha parte, quebequesa do outro), onde hai diverxencias sutís. Fóra do ámbito románico, o inglés ten variantes propias para as variedades británica, norteamericana ou australiana, aínda que

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

se poidan engadir mesmo subvariedades como a canadense, a neocelandesa, a surafricana, etc.

Daquela, se todo aquilo é válido para as linguas maiores, seica non pode servir tamén para as menores, máis aínda cando en xeral as diferenzas dialectais están aínda máis marcadas?

Persoalmente coido que si, que a existencia de variedades normativas se torna nunha necesidade nos máis dos casos, mais cuns criterios que cómpre fixar claramente desde o comezo. Polo tanto, xustificarei a existencia de estándares xunto con paraestándares e subestándares para o caso dalgunhas linguas específicas, mais considero que un padrón de referencia é sempre necesario.

2.2 Modelos teóricos de existencia de estándares, paraestándares e subestándares

Arestora, a terminoloxía arredor destes conceptos está a ser un bocado confusa. Tratarei, en primeiro lugar, de esclarecer en que sentido emprego estes termos, máis concretamente paraestándar, que estou a incluír aquí.

En principio, os paraestándares cohabitan ao mesmo nivel, sen preponderancia do un sobre o outro. Ás veces, hai unha forma superior, chamada «superestándar», mentres que os subestándares están sempre supeditados a un estándar, sempre son formas subsidiarias del. Graficamente, podería representarse así:

Relación horizontal

(superestándar)	
paraestándar	paraestándar

Relación vertical

estándar	
subestándar	subestándar

Os modelos teóricos que se poden recoñecer son estes:

a) **existencia dun estándar único sen variante algunha** — é abondo raro, pero atópase en linguas como o friulano.

estándar

b) **existencia dun estándar con dúas ou máis subestándares** — este é o caso occitano, que ten un estándar «amplo», basicamente o languedociano, e despois existen estándares dialectais.

estándar	
subestándar 1	subestándar 2

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

c) **existencia dun superestándar con paraestándares e subestándares** — O catalán podería ser unha mostra deste modelo, onde o estándar forte, ou superestándar, é o da propia Cataluña, cun paraestándar propio para Valencia e outro para as Illas Baleares. Amais, o catalán de Aragón e o do Alguer posúen cadanseu subestándar.

<table>
<tr><td colspan="4">(super)estándar</td></tr>
<tr><td colspan="2">paraestándar 1</td><td colspan="2">paraestándar 2</td></tr>
<tr><td>subnorma 1.1</td><td>subnorma 1.2</td><td>subnorma 2.1</td><td>subnorma 2.2</td></tr>
</table>

d) **existencia de dous estándares por unha loita de tradicións ou criterios diferentes, onde un deles xeralmente é oficial ou oficioso** — é o caso tamén do occitano cando se fai referencia á grafía tradicional ou á do *félibrige*, ou no caso galego cando se compara a grafía oficial coa reintegracionista.

<table>
<tr><td>estándar A</td><td>estándar B</td></tr>
</table>

e) **existencia de dous estándares porque dúas linguas cohabiten dentro dun mesmo dominio lingüístico** — É o caso do galego e do portugués do punto de vista oficial, ou do mirandés e o asturiano, que son, de feito, dúas linguas diferentes.

<table>
<tr><td>estándar 1</td><td>estándar 2</td></tr>
</table>

De todos os xeitos, algunhas das situacións mostradas anteriormente poden coexistir nalgunhas das linguas devanditas. Por exemplo, o galego actual, desde o punto de vista legal, é unha soa lingua cun só estándar (sen recoñecemento de variedades), daquela axústase á situación descrita como (a), mais tamén é verdade que existe outra norma non oficial, o que representa a existencia doutro estándar, non oficial, que o fai corresponder co punto (d). O asturiano e o mirandés, como xa quedou sinalado, son un caso (e), mais ao mesmo tempo o asturiano posúe un subestándar propio para o asturiano occidental (podería ser clasificado así porque está supeditado ao estándar central), o que se corresponde coa situación (b). Daquela, todas estas situacións moi decote se mesturan, polo que a situación das linguas minoritarias adoita ser abondo complicada do punto de vista normativo.

2.3 Un estándar si, e un subestándar tamén?

É unha opinión xeralmente aceptada que unha lingua minoritaria ten máis posibilidades de sobrevivir se posúe un estándar escrito, fixado. As razóns que o xustifican son coñecidas dabondo, aínda que hai lugares na Romania, como é o caso da Sardeña, onde é imposíbel chegar á fixación normativa, como exporei arreo.

Ianua 6 (2006)
ISSN 1616-413X

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

Por veces non existe un estándar establecido, senón unha coiné, máis ou menos estabelecida, cunha certa tradición, como xa citei anteriormente. Mais a cuestión que nos ocupa é analizar se é preciso que, xunto coa lingua estándar cohabite algunha caste de codificación rexional ou local. A resposta dependerá de a cales linguas nos esteamos a referir. Segundo o exposto anteriormente, o estándar é sempre necesario, mais a existencia de subestándares tamén o é en moitos casos, sempre que a forza e a estabilidade da lingua en cuestión o aconsellen. En calquera caso, deixo fóra da discusión a pertinencia ou non dos paraestándares, porque de feito son mesmo unha realidade nalgunhas linguas maiores, como xa quedou mostrado. Os criterios referidos ao emprego dos diferentes códigos teñen unha importancia capital, porque existen criterios económicos que desempeñan un papel fundamental. E é que, cando se fala de estandardizar linguas minoritarias, estase tamén a falar de economía. Unha lingua sen unidade non é economicamente rendíbel, mentres que unha lingua unificada si pode selo. E posto que estamos no século XXI, onde o criterio económico pode mesmo ser definitivo, heime ocupar desta cuestión tan aparentemente allea á lingüística mais que resulta tan transcendental para a supervivencia das linguas menores.

Desa maneira, imaxinémonos unha multinacional que ten a intención de vender todos os seus produtos e decide utilizar unha lingua menor en todas as súas campañas publicitarias. Imaxinemos que se trata, por exemplo, dunha firma de telefonía móbil que, alén diso, non só traduce a publicidades senón tamén o *software*. Se isto o aplicamos ao sardo, onde o normal é que se promovan as falas locais, onde cada autor utiliza o seu propio sardo, podería esta compañía empregar o sardo como lingua de comunicación? É evidente que non, porque sempre será moito máis económico e simple empregar o italiano que non vinte ou trinta variedades diferentes de sardo. En todo caso, se se recoñecen só dous paraestándares do sardo, a cousa tería algunha posibilidade de funcionar. Pero non se trata só do mundo das grandes empresas, senón que a situación é igual noutros ámbitos, como o editorial. Deste xeito, cando se traduce un libro para o sardo, para cal variedade? Xeralmente para a do tradutor, pero cando se trata de facer libros de texto para as escolas, como se fai? Será preciso facer dez, quince, vinte ou sesenta edicións diferentes? Esta situación de fragmentación non se dá co italiano, de maneira que é doado concluír que, sen estandardización, non haberá escolarización plena. A existencia de dous paraestándares podería ser unha solución, pero mesmo isto non é posíbel de conseguir na Sardeña.

Destas palabras non se podería interpretar que a miña posición é contraria á existencia de subestándares por debaixo do estándar. A realidade é que non, pero si que cómpre dicir que os subestándares teñen un teito, un ámbito de uso moi específico, tema este do que tratarei a seguir.

Partindo do concepto de estándar amplo ou superestándar, tal como se entende en occitano, coido que a existencia de normas rexionais ou locais ten un papel importante no desenvolvemento escolar e durante os primeiros momentos en que un individuo comeza a usar unha lingua menor e precisa utilizar a súa variante propia a nivel escrito, porque —non podemos esquecelo—, moi a miúdo a lingua estándar está moi lonxe do dialecto. Se non hai unha formación lingüís-

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

tica axeitada, o individuo séntese inseguro e optará por usar a lingua maior, que xeralmente coñece mellor como forma escrita por ser a propia da escolarización. Acontece tamén que hai motivos de tipo sociolóxico que favorecen a existencia dun subestándar rexional, como podería ser o caso do galego de Asturias ou galego eonaviego.

En todo caso, a existencia do subestándar nas linguas menores é unha coexistencia co estándar. Durante o período educativo, todos os estudantes haberían de vivir un proceso polo cal a presenza da lingua padrón debería ir aumentando ao longo do tempo. Podería representar así nunha situación idealizada e segundo as idades escolares:



Gráfico 1

2.4 Campos de aplicación do estándar e os subestándares

Nesta sección tratarei de mostrar como se pode distribuír o uso do estándar e das subnormas atendendo para criterios económicos, sociais e mesmo pedagóxicos. Fareino igualmente a través de gráficos que, seguramente, ofrecerán unha visión máis clara do asunto. Téñase presente que esta é unha exposición idealizada, non baseada en lingua algunha concreta. As especificacións haberán vir despois.

Cadro 3

Situación	Estándar	Subestándar
alfabetización		+
primeiras lecturas		+
administración local	+	+
literatura costumista	+	+
literatura de autor	+	+
administración rexional	++	+
manuais de utente	+	
libros de texto	++	+
lexislación	++	+
televisión	+	+
radio	+	+
xornais	++	+
traballos científicos	+	
uso internacional da lingua	+	

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

Insisto en que os puntos anteriores deben ser especificados para cada lingua. Non esquezamos que cando aquí se fala de normas, refírome só ás linguas menores, onde as normas teñen sempre un valor subsidiario.[3]

3 Modelos de fixación ortográfica

Un dos elementos que fan parte da estandardización de calquera lingua é a fixación ortográfica, isto é, a fixación do modelo normativo de escrita que a lingua terá, válido para todo o idioma. Aí está comprendido o sistema de acentuación que posuirá. Este é o punto que ten moita importancia ao longo de toda a exposición que estamos a realizar, porque mostra en parte a coherencia ou a falta de coherencia con que se estandardiza unha lingua.

Na Romania atopamos dous eixes arredor dos que se produciu a fixación das normas ortográficas. O primeiro é un eixo, cuxos extremos marcan dunha banda a conservación dunha ortografía etimolóxica e da outra ortografía máis ben fonolóxica. Nos extremos destas dúas tendencias se atopan o francés e o italiano respectivamente.

O segundo eixo afecta só ás linguas menores, e sinala o grao de autonomía ou de dependencia da lingua estatal baixo a que cae o seu dominio lingüístico, atendendo entre outros factores ao seu sistema ortográfico e de acentuación.

Se tomamos dúas linguas ibéricas como o galego e o asturiano, entrambas fan pequenas adaptacións do modelo ortográfico castelán, axustándoo minimamente ás súas características fónicas, cun chisco máis de fortuna no caso galego do que no asturiano. O mirandés, pola súa banda, fai o mesmo coa ortografía do portugués. Non podemos esquecer que todas estas linguas son linguas cubertas polas súas respectivas linguas teito, o castelán e o portugués.

En todo caso, na Romania é difícil atopar linguas menores que posúan unha grafía suficientemente autónoma da lingua estatal de que dependen. Son nidios os casos do catalán e do occitano non *félibrige*, que recuperaron moitos elementos da lingua medieval. En menor medida, é este tamén o caso do friulano, cun sistema relativamente autónomo. Todo o resto de linguas menores mostran un sistema ortográfico dependente.

Daquela, a fixación ortográfica pódese representar con estes dous eixes que se entrecruzan:




Gráfico 2

[3]Se cadra, nestes casos haberiamos de falar de subestándares, aínda que resulta un chisco confuso.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

O eixe horizontal podería ser o relativo ao valor funcional [± fonético] e o vertical ao do valor identitario [± dependente]. É moi difícil valorar cuantitativamente ambos os valores, mais podemos tomar unha escala sinxela con valores que vaia do 1 até o 5 expresados así:

Fonolóxico Etimolóxico
1 2 3 4 5
Dependente Autónomo
1 2 3 4 5

Co galego oficial, o galego reintegrado, o asturiano e o catalán podemos estabelecer unha comparación relativa tal como se aprecia a seguir:

Cadro 4

Lingua	**Eixe funcional**	**Eixe identitario**
Galego estándar (GL-E)	3	1
Galego reintegrado (GL-R)	4	5
Asturiano (AS)	2	1
Catalán (CT)	4	5

Cadro 5

	1	2	3	4	5
5					
4					GL-R / CT
3	GL-E				
2	AS				
1					

Cómpre ser máis rigoroso coa baremación, porque os valores aquí ofrecidos son pouco representativos. Se cadra habería que establecer unha táboa que chegase do 1 até o 10.

Non pretendo entrar en valoracións de cales son os valores máis axeitados. Iso depende de cada lingua, pois cada sociedade ten unha situación diferente, que permite, no tocante ao campo identitario, un afastamento máis ou menos grande do sistema da lingua oficial dominante. É claro que cando a lingua menor ten un sistema ortográfico máis parecido ao da lingua dominante, a súa escolarización é, en teoría, máis doado e rápido, mais fronte a este argumento poderíase argüír que o grao de dialectalización da lingua menor é máis e máis grande.

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

4 A figura do neofalante

Nos últimos anos, xurdiu unha figura que non recibiu o suficiente interese, mais que en boa medida pode ser considerada coma o único futuro, como unha táboa de salvación para algunhas (se cadra moitas) linguas rexionais de todo o mundo. Estou a me referir aos neofalantes.

Este termo é de entrada relativamente recente nas linguas europeas, sendo coñecido como *néolocuteurs* en francés, *neohablantes* en español, *neoparlanti* en italiano ou *newspeakers* en inglés. A definición que podemos dar do termo, non necesariamente a mellor nin a máis completa, é a seguinte:

> Persoa cunha lingua X que durante un momento da súa vida adquire unha lingua Y, de carácter rexional, como lingua vehicular principal, sendo a lingua Y o idioma tradicional do territorio onde mora dito individuo. En xeral, os neofalantes xorden como resultado do nacemento de procesos de planificación lingüística nos territorios onde se fala unha lingua rexional minoritaria que se pretende normalizar, normativizar e promover.

Ninguén se engana con que fronte aos neofalantes existe outra figura que, a depender do estudoso que se ocupe dela, será chamada *falante tradicional* ou *paleofalante*. A diferenza entre estes dous tipos de falantes é basicamente unha: o neofalante aprendeu a lingua, mentres que o paleofalante a adquiriu. Dita diferenza é fundamental, dado que unha lingua se adquire nos primeiros momentos da vida, aínda que se poidan adquirir dúas e até tres linguas, mentres que a aprendizaxe das linguas é algo que sucede a partir dunha idade determinada (variábel segundo os individuos, mais que se pode considerar aos cinco anos) e durará toda a vida. Na teoría, calquera individuo pode aprender distintas linguas ao longo da vida.

Posteriormente analizaremos con máis vagar este concepto, pois non existe unha figura única do neofalante, como tampouco non existe unha figura única do paleofalante.

A cuestión que nos interesa aquí é o valor do neofalante, pois cando a transmisión xeracional dunha lingua se reduce drasticamente ou, simplemente, desaparece, entón a única posibilidade de supervivencia da dita lingua son os neofalantes. Non estou a indicar con isto que a figura dos neofalantes só poida ter sentido cando a lingua chega a estes extremos, mais si é certo que é entón cando estes novos falantes son, con certeza, a única esperanza de futuro.

Por tanto, cando nos preguntamos acerca deles, temos que atender para a súa competencia lingüística. Pode ela ser correcta? Pode un neofalante ter un dominio da lingua rexional tan bo coma un falante tradicional? Certamente si, mais para iso é imprescindíbel ter unhas ferramentas didácticas adecuadas que permitan que os neofalantes sexan utentes activos e competentes da lingua rexional.

En moitos casos, a figura do neofalante ten sido observada con receo, como se os neofalantes foran uns intrusos que veñen deturpar unha lingua. Infelizmente, os neofalantes sofren decote incomprensión pola parte dos paleofalantes, sendo mesmo causa de riso.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

Ora ben, na realidade algúns neofalantes exprésanse moito mellor, cun grao de pureza da lingua superior, que os paleofalantes. Por que? A razón básica é unha: o neofalante aprendeu un modelo de lingua depurado, mentres que o paleofante, na grande maioría dos casos, exprésase cunha linguaxe mixta, onde a influencia da lingua estatal é sempre manifesta. Porén, o tipo de linguaxe usada polo neofalante, debido á súa ser unha lingua aprendida e non adquirida, pode presentar outro tipo de influencias diferentes das que presenta o paleofalante, tal que determinado tipo de pronuncias, é dicir, influencias fonéticas onde a pronuncia da lingua estatal enchoupa a lingua rexional. Isto acostuma acontecer cando calquera persoa aprende unha lingua estranxeira, porque, de feito, todo é aprendizaxe dunha L2, aínda que haxa motivacións diferentes.

E con isto chegamos a outro punto interesante que caracteriza os neofalantes. Por que unha persoa calquera, nun momento dado, tenta recuperar a lingua dun territorio, unha lingua rexional? As máis das veces, dita lingua foi lingua falada na súa mesma familia, mesmo os seus propios pais poden ser aínda falantes dese idioma (paleofalantes, por tanto). Endebén, as razóns normais non son de índole *familiar*, senón políticas e culturais. Entre as primeiras, cómpre salientar a concepción do idioma rexional coma elemento fundamental identitario dun territorio; desta maneira, en determinados espazos e xeiras, a lingua é un elemento de reivindicación; daquela, o uso da lingua rexional é parte da militancia política. Honestamente, penso que esta motivación para o uso da lingua rexional acaba perdendo valor e non adoita callar na sociedade, non ten suceso a partir dun determinado momento.

Cando, porén, se trata máis ben de razóns culturais e sociais, os neofalantes si poden ter unha influencia e un peso máis forte na sociedade. Nalgunha ocasión, teño comprobado que o emprego da lingua rexional en contextos urbanos se ten identificado con posicións políticas máis ou menos radicais, o cal dá lugar a que a lingua rexional perda peso —e falantes—, de maneira que os neofalantes son elementos sospeitosos. Trátase dun estraño comportamento da parte dos falantes tradicionais que ven os neofalantes como entremetidos, neófitos que pretenden ocupar un espazo social que non lles corresponde. Nada máis lonxe da realidade, pois en determinadas circunstancias, en determinadas linguas, como xa veño sinalando, eles, os neofalantes, son o único futuro da lingua.

4.1 A importancia dos neofalantes

Daquela, por que son importantes os neofalantes? Como xa indiquei, nas linguas en que a transmisión xeracional xa rompeu, o neofalante é o único que *recupera* a lingua rexional. Na teoría, unha capa social de neofalantes, perfectamente formados desde o punto de vista lingüístico e con consciencia sociolingüística, poden transmitir o idioma á seguinte xeración. E loxicamente transmitirán a lingua que eles aprenderon. Para moitos falantes tradicionais isto é unha aberración, mais nas máis das ocasións, a opción é moi clara: ou fica o idioma *neutro* dos neofalantes, ou a lingua estatal se dá imposto sen máis complicacións ao cabo dunha xeración. Con todo, pode entenderse, até un certo punto, que os paleofalantes teñan reticencias. E estas veñen do dominio do idioma que os

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

neofalantes poidan ter.

4.2 Neofalantes e coñecedores dunha lingua

Até aquí, opuxemos a figura do neofalante á do paleofalante. Sobre este contraste seguiremos a tratar arreo, mais primeiro é importante facer outra distinción que ten grande importancia, e é a diferenza existente entre un neofalante e unha persoa normal que aprende unha segunda lingua. Estas diferenzas, de ámbito sociolóxico, tamén teñen unha grande importancia no ámbito educativo, pois a maneira de ambos estudaren a lingua e a motivación que entrambos teñen é completamente diferente. Dalgunha maneira, poderiamos indicar que o neofalante é un subtipo de coñecedor dunha segunda lingua. Daquela, en liñas xerais, un coñecedor dunha L2 ten a súa propia L1 e, nun momento dado, aprende a antedita L2 por razóns «normais», tal que pracer, negocios, mudanza de domicilio, etc. O neofalante é iso e máis. Existen unha serie de razóns que o conducen a aprender esa lingua rexional (atención: a aprendizaxe dunha lingua rexional non converte ao coñecedor dunha L2 en neofalante).

Case sempre que unha persoa aprende unha lingua nova, a súa L1 fica «intacta». Ora ben, en determinadas circunstancias, cando unha persoa pasa moito tempo nun territorio onde ten que falar sempre a L2, deixando mesmo de usar a súa L1 durante décadas, pode darse o caso de que haxa un troco de niveis lingüísticos, onde a L2 chega a se tornar en L1. Son casos raros mais posíbeis. Este é un proceso que vou nomear **mudanza de L1 e L2**. Algo parecido, aínda que non idéntico, é o que chega a acontecer con abondos neofalantes, para quen a L2 se tornaría na primeira lingua, mais en xeral non despraza a L1 orixinal. Este proceso noméoo **nivelación de L1 e L2**. Isto non quer dicir que a L1 deixe de selo, pois en xeral a lingua estatal cohabita sempre coa L2. É ben sabido que o bilingüismo, entendido como o coñecemento da lingua estatal e da lingua rexional, é algo absolutamente normal na Europa de hoxe en día.

Por tanto, o neofalante tentará *nivelar* a L2 coa L1, lográndoo en moitos casos. Ora ben, as razóns polas que realiza dito esforzo son diversas, como xa sinalamos enriba. Dunha banda, hai motivacións políticas xa mencionadas, doutra razóns culturais, entendidas nun sentido moi amplo de desexo de mantemento da identidade propia, herdanza que o neofalante en xeral non recibiu da boca dos seus propios pais.[4]

4.3 Neofalantes contra paleofalantes

É case imposíbel ofrecer unha visión global da cuestión dos neofalantes en todas as linguas, mais si me parece interesante, a partir de determinadas situacións, deseñar circunstancias reais en que se moven os neofalantes. Ora ben, antes

[4]Chegados a este punto, gustariamos de sinalar que non é raro atopar arxentinos de terceira xeración, tendo tamén os seus pais nacido na Arxentina, que aprenden galego dos beizos dos seus avós. De feito, algúns deles téñense deslocado na súa vida adulta a Galiza, demostrando unha competencia lingüística en galego asombrosa. Mesmo hai algún caso de escritor galego hodierno que naceu na Arxentina e tiña o español coma primeira lingua.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

de entrar neses argumentos, si coido que se poden salientar unha serie de trazos que distinguen o paleofalante do neofalante, e que fican recollidas no cadro 6.

Cadro 6

Neofalante	**Paleofalante**
Aprende a lingua, xeralmente nun período algo serodio, a partir dos quince anos.	Adquire a lingua, sempre na infancia, por transmisión xeracional.
O seu modelo lingüístico adoita ser o da lingua padrón. Alá onde non houber modelos estandardizados é moito máis escaso o número de neofalantes. Os neofalantes non acostuman usar formas dialectais.	O seu modelo lingüístico é na grande maioría dos casos dialectal. Só aquelas persoas con formación poden usar a lingua padrón, de maneira que nestes casos adoitan ser diglósicos, pois usan a lingua padrón en certos contextos e o dialecto propio noutros.
As influencias lingüísticas da lingua estatal (lingua teito) percíbense sobre todo na sintaxe. Adoita haber un léxico abondo purista, mais cando o control do idioma non é bo, pode dar a sensación de que se está a falar en lingua rexional con estruturas sintácticas da lingua estatal.	As influencias da lingua padrón percíbense sobre todo no léxico e na morfoloxía. De feito, os paleofalantes, en determinados casos, chegan a empregar unha sociolecto mixto entre o idioma estatal e o idioma rexional, que é o paso previo á desaparición da lingua rexional que se diluirá na lingua estatal na seguinte xeración.
A fonética dos neofalantes pode ser relativamente boa, cando ao falaren a lingua estatal reteñan elementos fonéticos da lingua rexional, mais cando o neofalante carece deste referente, a súa fonética pode ser moi allea á fonética da lingua rexional.	Xeralmente, os paleofalantes teñen unha fonética excelente, embora cheguen a introducir fonemas da lingua estatal, xeralmente a través dos empréstamos lexicais.
No idiolecto do neofalante non adoita darse a mudanza de código*nin a mestura de códigos**	É ben frecuente, nos falantes sen formación, tanto a mudanza coma a mestura de códigos, pois a introdución no discurso de estruturas da lingua padrón adoita tornarse en algo normal e, nas máis das ocasións, inconsciente.
O neofalante tende a evitar que a lingua estatal sexa o referente culto, tentando que a lingua rexional se torne nunha lingua de cultura en si mesma.	O paleofalante con formación e consciencia lingüística axirá como o neofalante, mais aquel que carece da antedita formación e consciencia recorrerá á lingua estatal sempre que precise cubrir ocos na súa expresión en calquera nivel lingüístico, nomeadamente no lexical.

* Code switching; ** Code mixing.

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

Loxicamente, a comparanza anterior é abondo simplificada, mais espero que desta maneira fique unha idea aproximativa das diferenzas entre neo- e paleofalantes. Se cadra, para ilustrar o anterior vou escoller o caso galego, onde podemos exemplificar algúns dos itens anteriores para exemplificar os comportamentos lingüísticos dun neofalante típico e un paleofalante típico, con nula ou escasa formación no propio idioma rexional. Non obstante, cómpre lembrar que moitos neofalantes non parten dun coñecemento cero do idioma rexional, senón que en moitos casos son coñecedores pasivos do idioma porque en casa o teñen escoitado; ora ben, non é sorprendente que a partir dos anos corenta, e sobre todo nos anos sesenta do século XX, moitos pais optaran por se dirixiren aos fillos na lingua estatal, rompendo conscientemente a cadea de transmisión xeracional do idioma, por motivos moi diversos, mais nomeadamente polo desprestixio do idioma rexional fronte ao idioma estatal. Esta é unha situación que se deu en toda Europa.

4.4 Circunstancias específicas dos neofalantes

Como indicaba anteriormente, algunhas das circunstancias específicas dos neofalantes en diversas linguas rexionais europeas son moi diversas. Farei nada máis un percurso de varias rexións ibéricas (limítome a elas por seren as que mellor coñezo), referidas a catro rexións españolas e unha portuguesa.

4.4.1 País Basco

Desde os anos sesenta, o esforzo de formación de neofalantes ten sido enorme no País Basco. De feito, o número de neofalantes da lingua basca, o éuscaro ou *euskara*, non parou de medrar. Practicamente todos eles se expresan na lingua padrón, o *euskara batua*, formado sobre a base do dialecto guipuscoano con fornecementos doutros dialectos veciños. O núcleo euscaldún limítase ao centro do territorio da Comunidade Autónoma Basca ou Euskadi e a zona noroccidental da Comunidade Foral de Navarra. Non obstante, desde hai uns vinte anos, vólvese escoitar éuscaro nas grandes cidades e en zonas onde hai séculos que non se escoitaba. Ora ben, o éuscaro que se escoita maioritariamente é *batúa*, falado por neofalantes. A grande masa de inmigración cuxa primeira lingua non é o basco aprende batúa. Alén diso, o batúa é a lingua vehicular do ensino, os media e a literatura. A existencia dun elevadísimo número de neofalantes así como o mantemento da transmisión xeracional do éuscaro permite ser relativamente optimista a respecto da sorte do idioma basco. Endebén, a distancia entre o basco e o castelán é inmensa, o cal dificulta enormemente a aprendizaxe desta lingua.

4.4.2 Asturias

Asturias posúe dúas linguas autóctonas, o asturiano e o galego, sendo esta segunda lingua falada só na franxa máis occidental limítrofe con Galiza. Porén,

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

aquí só me referirei ao asturiano, o cal, infelizmente, é unha lingua en estado agonizante. O que en moitas enquisas se denomina *asturiano*, non é tal, trátase dun híbrido entre castelán e asturiano que aínda é falado pola xeración nacida entre os 40 e os 60. O asturiano sufriu a grande ruptura xeracional nos anos 60, de maneira que hoxe fican moi poucos paleofalantes. Con todo, tendeuse a considerar *asturiano* unha maneira de falar que era un verdadeiro híbrido. Así e todo, a partir dos anos 70 comezaron os neofalantes asturianos. O seu sistema lingüístico si está ben afastado do híbrido astur-castelán que se fala arestora. Pero foi mercé a eles e a certos paleofalantes conscienciados que durante os anos 80 e 90 se produciu unha literatura vizosa e de calidade. A escolarización en asturiano é moi frouxa, mal organizada e cunha formación do profesorado insuficiente. Estes aspectos, xunto co desinterese da maioría da sociedade polo asturiano, non permiten ser moi optimistas. Alén do anterior, cómpre sinalar que unha boa parte dos neofalantes asturianos teñen unha competencia lingüística mínima, algo que en termos sinxelos se podería definir como que «non saben falar ben asturiano»; mais tamén aquí cómpre sinalar que o asturiano padrón —forma de expresión case exclusiva destes neofalantes— resulta estraño para a maioría da sociedade. Todas estas deficiencias están a pór en perigo a subsistencia do asturiano nos anos vindeiros.

4.4.3 Galiza

En Galiza a lingua ten un estatus de oficialidade, mais na verdade o goberno autónomo non respecta as súas propias normas desde hai vinte anos. Grandes capas da poboación, nomeadamente procedentes das cidades, están desgaleguizadas desde hai moitos anos. Dáse o caso, terríbel, de que algúns mestres de galego, en determinadas zonas, ensinan o galego en Galiza como se for unha L2, igual que o inglés ou o francés. Con todo, a competencia lingüística dos neofalantes galegos é relativamente boa, non ten grandes complicacións, pois cando o sistema educativo funciona, permite que se formen falantes de galego. Endebén, a transmisión xeracional do galego nos inicios do século XX é mínima, tan só o 8%, de maneira que a conservación do idioma está en perigo. Aínda que en Galiza o número de neofalantes é considerábel, o resto das circunstancias non permiten tampouco sermos moi optimistas no futuro.

4.4.4 Cataluña

Cataluña, que non a Comunidade Valenciana ou mesmo as Illas Baleares, é a comunidade onde o catalán conta cun maior número de paleofalantes. Tradicionalmente, os inmigrantes aprendían catalán despois dun tempo a moraren alá (sen por iso seren considerados neofalantes). Na actualidade, hai un abandono moi pequeno da L1 distinta do catalán nas grandes cidades, nomeadamente as que están arredor da área periférica de Barcelona. A todo isto, hai que engadir a chegada masiva de inmigrantes non españois ao longo da década dos 90 do século pasado, que tampouco se está a catalanizar (en moi poucos casos estes inmigrantes aprenden catalán, sendo algo maior a taxa de catalanización nas

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

novas xeracións, que xa son escolarizadas en catalán). Os neofalantes cataláns teñen tamén en xeral unha formación lingüística óptima, mais a súa importancia na conservación da lingua non é a mesma que se dá en Galiza e mesmo en Asturias.

4.4.5 Terra de Miranda

O único territorio portugués cunha lingua minoritaria entrou moi serodiamente no proceso de recuperación e promoción lingüística. Á vista de que o nacemento de neofalantes corre paralelo ao xurdimento de procesos de planificación lingüística, como sinalamos ao comezo, os neofalantes mirandeses son agora algo case anecdótico, aínda que comeza a habelos. Na Terra de Miranda, a presenza, máis ben a existencia, de neofalantes será unha necesidade importante deica un breve espazo de tempo, á vista de que tamén a transmisión xeracional do mirandés está fortemente afectada e a súa presenza nas escolas é aínda moi tímida.

4.5 O neofalante e a lingua padrón

Non se pode afirmar categoricamente que sen unha lingua padrón non hai neofalantes, mais si é verdade, atendendo para a realidade europea, que é moi difícil, extremadamente difícil ousaría afirmar, que haxa neofalantes sen un modelo estandardizado da lingua rexional. Ora ben, a lingua padrón hai un momento en que ten que saír do gueto da comunicación formal e de cultura e entrar no mundo do cotián. É aquí onde os máis dos paleofalantes presentan unha actitude belixerante. Acontece que un modelo de lingua idealizado parece non servir para determinados rexistros, mais isto, na verdade, non acontece coas linguas estatais.

Infelizmente, a lingua padrón adoita ser observada con moito receo nos primeiros tempos da normalización lingüística. Ten que loitar non só contra a lingua estatal, senón contra os preconceptos dos falantes tradicionais que non a recoñecen coma propia. Resulta un paradoxo que os falantes tradicionais teñan, na idade escolar, que estudar a lingua padrón, cando eles consideran que a coñecen de máis. Non obstante, ese preconcepto non aparece cando teñen que estudar a lingua estatal. Ora ben, o que é moi importante é que a lingua rexional estandardizada ha de ser estudada coma L1.

4.6 Algúns conceptos básicos coma L1 e L2

Un falante bilingüe pode ter dúas L1. Con todo, sempre unha das dúas lingua tende a se impor sobre a outra aínda que só sexa lixeiramente. Sempre unha lingua ten que predominar sobre a outra, aínda que o falante teña un perfecto coñecemento de ambos os idiomas.

No caso de falantes que posúen unha lingua rexional, esta debería prevalecer sobre a lingua estatal. Estariamos a falar dunha L1 primaria e unha L1 secundaria, sendo entrambas L1 por seren *adquiridas* (non obstante, antigamente as L1 estatais eran aprendidas, xeralmente na escola, mais hoxe xa non é así,

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

os nenos conviven coa lingua estatal ao seu carón desde o primeiro momento). Agás en moi contados casos, a L1 secundaria, sendo esta unha lingua estatal, tende a invadir os campos fonogramaticais da L1 primaria (é a vella cuestión da lingua teito que inflúe a lingua cuberta). Nestes casos, diriamos que os falantes son diglósicos, mais do que bilingües, pois unha lingua domina sobre a outra no plano da expresión, aínda que non necesariamente no plano do pensamento.

O falante tradicional ou paleofalante poderá daquela ter dúas L1, ou ter unha L1 que é a súa lingua propia e unha L2 que a lingua estatal, mais que xeralmente chega a dominar (diriamos que ten un nivel de competencia na lingua estatal moi alto). O neofalante, en troques, ten unha L1 que xeralmente é a lingua estatal, mais aprende unha L2 con que tentará ter un nivel de competencia moi alto, até o punto de que a L2 poida tornarse en L1 e teña un punto de partida semellante ao do paleofalante, mais coa diferenza que non é un falante diglósico, senón bilingüe, pois é quen de separar entrambas linguas en todas os planos, sen producir mudanza de códigos e menos aínda mestura de códigos, algo propio da maioría dos paleofalantes como xa quedou indicado.

4.7 A chave da formación: a glotodidáctica

Entendemos por glotodidáctica a didáctica específica das linguas. Endebén, o que non parece de sentido común é falarmos dunha glotodidáctica ríxida que formule teorías iguais para a aprendizaxe das linguas sen atender ás súas circunstancias.

Xa no parágrafo anterior falamos da L1 e a L2. Na teoría, a formación lingüística do neofalante debería estar no ámbito da L1, mais a realidade demóstranos que non sempre é así, como xa ficou dito anteriormente. Hai casos actuais en Galiza onde os nenos, que non teñen o galego coma L1 cando chegan á escola, aprenden este coma L2, igual que se fose o inglés. Evidentemente isto supón unha dificuldade enorme para o docente que debe afrontar o ensino do galego. E, infelizmente, non sempre os docentes están en condicións de afrontar estes retos.

O que aquí estamos a suxerir é **unha glotodidáctica específica das linguas minoritarias**. Xa anteriormente falamos dos neofalantes como un grupo que depende ao cento por cento do ensino para se converteren en falantes activos e cunha competencia lingüística óptima. Pero non só eles son os destinatarios desta Glotodidáctica das Linguas Minoritarias (GLM), pois tamén ten que chegar aos falantes tradicionais, máis ca nada a poboación en idade infantil.

É unha situación moi complexa, pois a tal GLM ten dous tipos de público: neo- e paleofalantes, e debe partir de dúas circunstancias ben diversas, que os estudantes teñan coma L1 a lingua rexional ou non. Acabo de mencionar a importancia da GLM no ensino escolar, mais mesmo os adultos, en moitos casos, son *consumidores* desta glotodidáctica.

O obxectivo da GLM é, a pesar dos distintos puntos de partida, sempre o mesmo: alcanzar unha competencia óptima na lingua rexional en cuestión, de maneira que se poida evitar que a lingua estatal que fai de teito acabe coa lingua rexional que sofre de lingua cuberta.

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)

O anterior pode representar no seguinte gráfico:




Gráfico 3

O desenvolvemento de todo o anterior require un manual completo, por tanto, non insistiremos máis sobre a cuestión. A modo de conclusión, queremos deixar sobre a mesa a cuestión dos falantes, a súa importancia crecente no mundo das linguas rexionais minoritarias e como é preciso incidir na súa formación lingüística para o futuro das nosas linguas ser un chisco máis claro.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5240 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:47 UTC)